bioga | Cluster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN EMPRESARIAL

"BIOGA-Cluster tecnolóxico empresarial de Ciencias da Vida"

TÍTULO I: DA DENOMINACIÓN, DOMICILIO, DURACIÓN, ÁMBITO, OBXECTO E ACTIVIDADES ____ *3*

ARTIGO 1º - DENOMINACIÓN E NATUREZA ____ 3

ARTIGO 2º - DOMICILIO E ÁMBITO TERRITORIAL ____ 3

ARTIGO 3º - DURACIÓN ____ 3

ARTIGO 4º- OBXECTO E FINS ____ 4

TÍTULO II: DOS SOCIOS ____ *5*

ARTIGO 5º - SOCIOS ____ 5

ARTIGO 6º- REQUISITOS DE ENTRADA ____ 6

ARTIGO 7º - PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN DE SOCIOS ____ 6

ARTIGO 8º - PERDA DA CONDICIÓN DE SOCIO ____ 7

ARTIGO 9º - OBRIGAS DOS SOCIOS ____ 7

ARTIGO 10º - DEREITOS DOS SOCIOS ____ 8

TÍTULO III: DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN E O SEU RÉXIME DE FUNCIONAMENTO ____ *9*

ARTIGO 11º - ÓRGANOS ____ 9

CAPÍTULO I -DA ASAMBLEA XERAL ____ 10

ARTIGO 12º - ASEMBLEA XERAL ____ 10

ARTIGO 13º -COMPOSICIÓN ____ 10

ARTIGO 14º - RÉXIME DE XUNTANZAS, ACORDOS E FACULTADES ____ 10

ARTIGO 15º - CONVOCATORIA ____ 12

Firmado por 33291672T MARIA CARME PAMPIN (R: A15784614) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

Firmado por X8342042B GUIDO KURZ (R: B32442618) el día 10/03/2021 con un certificado emitido

Con data do 09-11-2021 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 2010/014647-1.

Asinado por: "VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E C. DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO"
Data e hora: 11/11/2021 14:20:00

CVE: IPtD706NM6
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

ARTIGO 16º - ADOPCIÓN DE ACORDOS 13

CAPÍTULO II - DA XUNTA DIRECTIVA 13

ARTIGO 17º - A XUNTA DIRECTIVA 13

ARTIGO 18º - COMPOSICIÓN 14

ARTIGO 19º- ELECCIÓN E CESE 14

ARTIGO 20º- CONVOCATORIA E TOMA DE ACORDOS 15

ARTIGO 21º- FACULTADES 17

CAPITULO III.- A PRESIDENCIA 19

ARTIGO 22º- FACULTADES DA PRESIDENCIA 19

CAPITULO IV.- A SECRETARÍA 20

ARTIGO 23º- A SECRETARÍA 20

TÍTULO IV- RÉXIME ECONÓMICO E DOCUMENTAL 21

ARTIGO 24º- DOCUMENTOS 21

ARTIGO 25º - RECURSOS ECONÓMICOS 21

ARTIGO 26º - EXERCICIO ECONÓMICO 22

ARTIGO 27º - PATRIMONIO 22

ARTIGO 28º - ORZAMENTO ANUAL 22

ARTIGO 29º - CONTAS 22

ARTIGO 30º - AUSENCIA DE LUCRO 23

TÍTULO V.- DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO 23

ARTIGO 31º - REGULAMENTO INTERNO 23

TÍTULO VI – MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN 23

ARTIGO 32º - MODIFICACIÓN 23

ARTIGO 33º - DISOLUCIÓN 23

Con data do 09-11-2021 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 2010/014647-1.

Asinado por: "VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E C. DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO"
Data e hora: 11/11/2021 14:20:00
CVE: IPtD706NM6
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Firmado por 33291672T MARIA CARME PAMPIN (R: A15784614) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

Firmado por X8342042B GUIDO KURZ (R: B32442618) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

TÍTULO I: DA DENOMINACIÓN, DOMICILIO, DURACIÓN, ÁMBITO, OBXECTO E ACTIVIDADES

ARTIGO 1º - DENOMINACIÓN E NATUREZA

1.- Constitúese unha asociación empresarial sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. A asociación ten a seguinte denominación "ASOCIACIÓN BIOGA - CLUSTER TECNOLÓXICO EMPRESARIAL DE CIENCIAS DA VIDA".

2.- A asociación rexerase polos ditos estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

ARTIGO 2º - DOMICILIO E ÁMBITO TERRITORIAL

1. O domicilio principal e permanente da asociación radicará na localidade de A Coruña, Calle Real nº 24 1º 15003 (A Coruña).

2. Poderá establecer delegacións. O cambio de domicilio social e das respectivas delegacións no seu caso deberá ser acordado pola Asemblea Xeral.

3. A asociación, en funcións dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da comunidade autónoma de Galicia, sen prexuízo da súa actuación no ámbito nacional ou internacional.

ARTIGO 3º - DURACIÓN

1.- A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

2.- A asociación rexerase segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Con data do 09-11-2021 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 2010/014647-1.

Asinado por: "VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E C. DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO"
Data e hora: 11/11/2021 14:20:00
CVE: IPtD706NM6
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Firmado por 33291672T MARIA CARME PAMPIN (R: A15784614) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

Firmado por X8342042B GUIDO KURZ (R: B32442618) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

ARTIGO 4º- OBXECTO E FINS

1. A asociación empresarial Bioga-Cluster tecnolóxico empresarial de Ciencias da Vida establece como obxecto a representación, defensa e difusión dos intereses dos seus membros así como o incremento da competitividade dos mesmos para o cal realizará cantas accións estime necesarias, promovendo e impulsando a interacción dos distintos axentes co fin de dinamizar e fomentalas relacións entre eles, proporcionando unha plataforma de encontro axeitada para poder cumprilo reto de desenvolver o sector das Ciencias da Vida.

2. Son fins da Asociación:

a) Aproveitar as oportunidades da innovación que presenta o sector das Ciencias da Vida como vector de crecemento económico e social.

b) Colaborar coa administración autonómica galega, co resto de administración autonómica, coa administración xeral do estado e coa administración europea, para o desenvolvemento dun marco legal e institucional de fomento da innovación no sector.

c) Apoiar o emprendemento e consolidación das empresas no sector das Ciencias da Vida.

d) Apoiar a expansión internacional das empresas no sector das Ciencias da Vida.

e) Configurarse como clúster empresarial na comunidade autónoma de Galicia.

f) Promover a análise e a prospectiva permanente do sector e as súas tendencias a nivel español e internacional, así como a divulgación dos avances científicos e tecnolóxicos das Ciencias da Vida e os beneficios que aporta á sociedade.

g) Organizar actividades formativas orientadas ao sector das Ciencias da Vida.

h) Realizar proxectos e actuacións de Investigación e Desenvolvemento para o sector das Ciencias da Vida.

Con data do 09-11-2021 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 2010/014647-1.

Asinado por: "VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E C. DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO"
Data e hora: 11/11/2021 14:20:00
CVE: IPtD706NM6
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Firmado por 33291672T MARIA CARME PAMPIN (R: A15784614) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

Firmado por X8342042B GUIDO KURZ (R: B32442618) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

i) Acadar financiamento e canalizar axudas para os asociados para o desenvolvemento de proxectos no ámbito das Ciencias da Vida.

3. A asociación empresarial Bioga-Cluster tecnolóxico empresarial de Ciencias da Vida (en diante BIOGA) responde a principios democráticos na súa organización e funcionamento, garantindo a autonomía das persoas asociadas nos seus respectivos ámbitos de interese específico, sen prexuízo do carácter vinculante que teñen os acordos adoptados validamente polos órganos de goberno da Asociación nas materias que afecten a este e ao interese común dos seus asociados.

4. Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ó cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre os asociados nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo, xa que a asociación carece de ánimo de lucro.

TÍTULO II: DOS SOCIOS

ARTIGO 5º - SOCIOS

1. Consideraranse membros fundadores de BIOGA as empresas que subscribiron a Acta fundacional e os estatutos, e as persoas xurídicas que, tralo acordo do seu órgano competente, posteriormente sexan admitidas como membros conforme as disposicións establecidas nos presentes estatutos.

2. Así mesmo serán socios honorarios, aquelas entidades e asociacións representativas de cada un dos subsectores, que a xuízo da Asemblea Xeral posúan unha misión de apoio á iniciativa, e o asesoramento en temas sectoriais. Nembargantes os asociados das devanditas organizacións non terán dereitos sobre a mesma, salvo que se inscriban como socios numerarios de pleno dereito.

3. Poderán ser socios colaboradores aquelas entidades que, aínda que non realicen actividades de biotecnoloxía, estean relacionadas de forma indirecta co sector das Ciencias da Vida, aportando valor por estar especializadas neste sector.

Con data do 09-11-2021 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 2010/014647-1.

Asinado por: "VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E C. DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO"
Data e hora: 11/11/2021 14:20:00

CVE: IPtD706NM6
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Firmado por 33291672T MARIA CARME PAMPIN (R: A15784614) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

Firmado por X8342042B GUIDO KURZ (R: B32442618) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

Os socios colaboradores non intervirán na dirección da Asociación nin nos órganos de representación dela, pero están facultados para asistir ás asembleas xerais con voz, pero sen voto.

ARTIGO 6º- REQUISITOS DE ENTRADA

1. Poderán pertencer a BIOGA como socios numerarios, aquelas persoas xurídicas, que formen parte de maneira directa ou indirecta do sector de Ciencias da Vida, entendendo por empresas do Sector de Ciencias da Vida aquelas que provean produtos ou servizos ou utilicen procesos relacionados con calquera das ramas de coñecemento da bioloxía, da biomedicina e outras ramas afíns, e que teñan interese no desenvolvemento dos fins da Asociación e reúnan os seguintes requisitos:

a) Solicitala entrada por medio de persoa con facultades para elo, subscribindo o boletín de inscrición e aceptando expresamente os Estatutos de BIOGA.

b) Ser aceptado pola Asemblea Xeral.

c) Realizalo abono das cotas establecidas, de ser o caso.

ARTIGO 7º - PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN DE SOCIOS

1. A Xunta Directiva poderá, cando se cumpran os condicionantes establecidos no artigo anterior, admitir os novos socios de maneira provisional, ata a ratificación da admisión dos mesmos pola Asemblea Xeral.

2. A entidade solicitante poderá exercitar os dereitos e obrigas inherentes á súa condición de socio dende o momento da notificación por parte da Xunta Directiva da súa admisión provisional sen prexuízo da súa perda posterior no caso de que a decisión da Xunta Directiva non fora ratificada pola Asemblea Xeral.

Con data do 09-11-2021 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 2010/014647-1.

Asinado por: "VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E C. DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO"
Data e hora: 11/11/2021 14:20:00

CVE: IPtD706NM6
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Firmado por 33291672T MARIA CARME PAMPIN (R: A15784614) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

Firmado por X8342042B GUIDO KURZ (R: B32442618) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

Con data do 09-11-2021 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 2010/014647-1.

ARTIGO 8º - PERDA DA CONDICIÓN DE SOCIO

1. A condición de socio perderase por:

   a. Por vontade propia, expresada por escrito dirixido á Xunta Directiva. O asociado quedará obrigado ao pago dos compromisos económicos adquiridos con anterioridade á súa renuncia, incluíndo aqueles que teñan efectos futuros.

   b. Por concurso de acredores ou liquidación.

   c. Por incumprimento das súas obrigas ou a realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da Asociación, previo expediente disciplinario, con audiencia do interesado.

   d. Polo impago das obrigas económicas coa asociación, de ser o caso.

   e. Por extinción da persoa xurídica.

2. A expulsión de asociados nos supostos c) e d) do parágrafo anterior, será acordada pola Xunta Directiva, logo da audiencia do interesado. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

3. Aqueles que perdan a súa condición de socio, perderán tamén os seus posibles dereitos sobre o patrimonio da asociación.

ARTIGO 9º - OBRIGAS DOS SOCIOS

Son obrigas dos socios:

1. Participar na elección dos representantes nos órganos de goberno da asociación.

2. Acatar e cumprir os presentes Estatutos e demais pactos fundacionais, así como os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.

Asinado por: "VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E C. DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO"
Data e hora: 11/11/2021 14:20:00
CVE: IPD706NM6
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Firmado por 33291672T MARIA CARME PAMPIN (R: A15784614) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

Firmado por X8342042B GUIDO KURZ (R: B32442618) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

3. Cumprir e facilitalo desenvolvemento dos fins da asociación dentro das normas máis estritas da ética profesional.

4. Colaborar, na medida das súas posibilidades, nas actividades da asociación.

5. Satisfacer a cota de entrada e demais desembolsos económicos que se acorden pola Asemblea de socios, de ser o caso.

6. Desempeñar os cargos para os que sexan elixidos coa dilixencia dun ordenado empresario e representante legal.

7. Non comprometer con actuacións propias as accións emprendidas pola asociación, en base aos acordos dos órganos de goberno competentes da mesma.

8. Facilitar á asociación a información, documentación e colaboración que se lle demande para o cumprimento dos obxectivos previstos.

ARTIGO 10º - DEREITOS DOS SOCIOS

1. Son dereitos dos socios:

a) Participar nos órganos de goberno e representación, exercer o dereito de voto, sempre que se atopen ao correntes das súas obrigas económicas coa asociación de ser o caso, así como asistir á Asemblea xeral, de acordo cos estatutos.

b) Ser electores e elixibles para os cargos directivos.

c) Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación en cumprimento dos fins da Asociación.

d) Disfrutar de tódalas vantaxes e beneficios que a Asociación poida obter.

e) Recibir información sobre a composición dos órganos de goberno e representación da Asociación, do seu estado de contas, do desenvolvemento da súa actividade, e dos acordos adoptados polos órganos da Asociación.

Con data do 09-11-2021 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 2010/014647-1.

Asinado por: "VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E C. DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO"
Data e hora: 11/11/2021 14:20:00
CVE: IPtD706NM6
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Firmado por 33291672T MARIA CARME PAMPIN (R: A15784614) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

Firmado por X8342042B GUIDO KURZ (R: B32442618) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

f) Facer suxestións aos membros da Xunta Directiva en orde ao mellor cumprimento dos fins da Asociación.

g) Ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el e ser informado dos feitos que dean lugar ás ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.

h) Impugnar os acordos dos órganos da Asociación que estime contrarios á lei ou aos estatutos.

2. Os asociados honorarios e os asociados colaboradores non intervirán na dirección da Asociación nin nos órganos de representación dela, pero están facultados para asistir ás asembleas xerais con voz, pero sen voto.

TÍTULO III: DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN E O SEU RÉXIME DE FUNCIONAMENTO

ARTIGO 11º - ÓRGANOS

Son órganos de BIOGA os seguintes:

a) A Asemblea Xeral, como órgano supremo de goberno da asociación.

b) A Xunta Directiva, como órgano colexiado de representación e dirección permanente.

c) O Presidente/a, como órgano unipersoal de representación e dirección permanente.

d) O Secretario, como órgano de dirección dos traballos administrativos da Asociación.

Con data do 09-11-2021 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 2010/014647-1.

Asinado por: "VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E C. DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO"
Data e hora: 11/11/2021 14:20:00

Firmado por 33291672T MARIA CARME PAMPIN (R: A15784614) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

Firmado por X8342042B GUIDO KURZ (R: B32442618) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

CVE: IPtD706NM6
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

CAPÍTULO I -DA ASAMBLEA XERAL

ARTIGO 12º - ASEMBLEA XERAL

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno, deliberante e decisorio da Asociación e os seus acordos rexerán a vida do mesmo.

ARTIGO 13º -COMPOSICIÓN

1. Son membros da Asemblea Xeral, todos os socios con dereito a participar nas actividades da Asociación.

2. Serán Presidente e Secretario da Asemblea Xeral os que o sexan da Xunta Directiva, sen prexuízo das facultades soberanas da mesma para nomear en cada caso por maioría dos votos, a persoa que a deba de presidir.

ARTIGO 14º - RÉXIME DE XUNTANZAS, ACORDOS E FACULTADES

1. A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario como mínimo unha vez ao ano dentro dos catro meses seguintes ao peche do exercicio.

2. Son competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

   a) Aprobar o plan de actividades.

   b) Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.

   c) Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio.

   d) Aprobar a xestión da Xunta Directiva.

   e) Fixar as cotas ordinarias e extraordinarias de ser o caso.

3. As xuntanzas extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo do Presidente, cando a Xunta Directiva o acorde, ou cando o propoñan por escrito unha décima parte dos asociados, autorizado coas sinaturas dos

Con data do 09-11-2021 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 2010/014647-1.

Asinado por: "VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E C. DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO"
Data e hora: 11/11/2021 14:20:00

CVE: IPtD706NM6
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Firmado por 33291672T MARIA CARME PAMPIN (R: A15784614) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

Firmado por X8342042B GUIDO KURZ (R: B32442618) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

mesmos, e dirixido ao Presidente. Este escrito deberá expoñer o motivo da convocatoria e a orde do día.

4. A Asemblea Xeral reunirase con este carácter extraordinario, en todo caso, para coñecer e decidir sobre as seguintes materias:

a) Acordar a Modificación de Estatutos.

b) A federación, asociación ou fusión con outras entidades.

c) A disolución da Asociación.

d) Dispoñer, allear e gravar os bens da Asociación sen prexuízo das facultades que poida delegar na Xunta Directiva.

e) Aprobar a creación ou participación en Sociedades o Entidades que colaboren na realización dos fins.

f) Ratificar a admisión e expulsión dos socios, a proposta da Xunta Directiva.

g) Solicitar da Administración Pública a declaración de utilidade pública da Asociación e calquera outra cualificación que se acomode á súa estrutura e fins, así como renunciar ás que xa tivera concedidas.

h) Modificar a súa forma xurídica.

i) Elixir e cesar aos integrantes da Xunta Directiva.

j) Designar aos liquidadores/as.

k) Aprobar o regulamento de réxime interno da asociación.

l) As que sendo de competencia da Asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agardar á súa convocatoria, sen grave prexuízo para a asociación.

m) Todas as conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou á Xunta Directiva.

Con data do 09-11-2021 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 2010/014647-1.

Asinado por: "VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E C. DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO"
Data e hora: 11/11/2021 14:20:00
CVE: IPtD706NM6
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Firmado por 33291672T MARIA CARME PAMPIN (R: A15784614) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

Firmado por X8342042B GUIDO KURZ (R: B32442618) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

n) Acordar no seu caso a remuneración dos membros do órgano de representación.

ARTIGO 15º - CONVOCATORIA

1. A Asemblea Xeral, tanto ordinaria como extraordinaria, quedará validamente constituída, en primeira convocatoria, cando concorran nela un terzo dos asociados con dereito a voto, ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de asociados con dereito a voto, pero, en todo caso, coa presenza do presidente ou vicepresidente e o secretario ou persoa que o substitúa. Poderán celebrarse de maneira virtual por medios electrónicos e/ou telemáticos, sempre e cando se garantice a autenticidade dos participantes.

2. Tanto a Asemblea Ordinaria como a Extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación polo/a presidente/a da Xunta Directiva.

A notificación farase dirixida a todos os asociados mediante carta ou calquera outro medio electrónico, telefónico ou telemático que permita deixar constancia da súa recepción.

3. Os socios poderán acudir e participar na mesma persoalmente ou nomeando un representante, mediante carta, ou calquera outro medio electrónico ou telemático que permita deixar constancia da súa recepción, dirixida ao presidente para cada reunión.

4. As sesións abriranse cando así o determine o Presidente. Seguidamente procederase por parte do secretario á lectura da acta da asemblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente, o secretario procederá a presentar a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose ao debate e á aprobación dos correspondentes acordos nos termos contidos nestes estatutos, segundo a materia de que se trate.

Con data do 09-11-2021 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 2010/014647-1.

Asinado por: "VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E C. DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO"
Data e hora: 11/11/2021 14:20:00

CVE: IPtD706NM6
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

ARTIGO 16º - ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. Os acordos adoitaranse polo voto afirmativo da maioría simple das persoas presentes ou representadas, isto é, cando os votos afirmativos superen os negativos, non sendo computables a estes efectos os votos en branco nin as abstencións.

2. Será necesario a maioría cualificada de dous terzos (2/3) das persoas presentes ou representadas para a adopción dos acordos recollidos nas letras a), b), c), d), f), i), j) , n) do apartado 4 do artigo 14.

3. Todos os socios, incluíndo os que votaran en contra e os que non participaran na Asemblea Xeral, quedarán sometidos aos acordos validamente adoptados no seo da mesma.

4. Adoptados os acordos, levaranse ao libro de actas, e asinarase polo/a Presidente/a e o/a Secretario/a da Asemblea.

A acta debe ser lida na seguinte xuntanza celebrada pola Asemblea Xeral, e aprobada pola maioría dos membros presentes.

5. Os acordos que vaian contra estes estatutos ou infrinxan os fins da asociación poderán ser recorridos en reposición diante da Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdición ordinaria.

CAPÍTULO II - DA XUNTA DIRECTIVA

ARTIGO 17º - A XUNTA DIRECTIVA

A Xunta Directiva será o órgano colexiado de representación e dirección permanente da Asociación.

Con data do 09-11-2021 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 2010/014647-1.

Asinado por: "VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E C. DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO"
Data e hora: 11/11/2021 14:20:00
CVE: IPtD706NM6
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Firmado por 33291672T MARIA CARME PAMPIN (R: A15784614) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

Firmado por X8342042B GUIDO KURZ (R: B32442618) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

ARTIGO 18º - COMPOSICIÓN

1. A Xunta directiva estará formada por un número de membros non menor de tres nin maior de cinco, elixidos todos eles pola Asemblea Xeral.

2. De entre tales membros a propia Xunta Directiva, se non o fixera a Asemblea, designará un Presidente, un Vicepresidente, que asistirá nas súas funcións ao Presidente, substituíndoo ademais nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, e un Secretario, que será o encargado entre outras labores de levantar acta das reunións da Asemblea Xeral ou da Xunta Directiva dando fe do acordado nas mesmas.

3. Os demais directivos, ostentarán o cargo de vogais, sendo as súas facultades as que lle sexan atribuídas polo presidente ou pola Asemblea Xeral.

4. Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuíta, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificados en que poidan incorrer por actuacións relacionadas coa asociación, e sen prexuízo do que decida a Asemblea Xeral.

As persoas elixidas para estes cargos deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade levada a cabo pola Asociación.

ARTIGO 19º- ELECCIÓN E CESE

1. Os membros da Xunta Directiva serán elixidos pola Asemblea Xeral, mediante sufraxio libre e secreto por un prazo de dous anos, podendo ser reelixidos unha ou máis veces por períodos de igual duración.

O nomeamento feito por anos caducará cando, vencido o prazo, se celebre a seguinte Asemblea Xeral.

As renovacións ou reeleccións faranse conforme se vaia producindo o cese ou a caducidade dos nomeamentos.

A separación dos directivos poderá ser acordada, en calquera momento, pola Asemblea Xeral.

Con data do 09-11-2021 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 2010/014647-1.

Asinado por: "VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E C. DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO"
Data e hora: 11/11/2021 14:20:00
CVE: IPtD706NM6
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Firmado por 33291672T MARIA CARME PAMPIN (R: A15784614) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

Firmado por X8342042B GUIDO KURZ (R: B32442618) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

2. Presentaranse candidaturas formadas por un presidente, un vicepresidente, un secretario, e vogais.

Para poder presentar as candidaturas é preciso que tódalas empresas cumpran:

a) Ser membros da Asociación.

b) Estar ao corrente de todas as obrigas económicas de ser o caso.

3. O cese no cargo antes de extinguirse o termo estatutario poderá deberse a:

a) Renuncia voluntaria.

b) Sanción imposta por unha falta cometida no exercicio do cargo.

c) Incumprimento das obrigas como membro da Asociación.

d) Perderán a condición de directivos da asociación, aqueles que perdan a súa condición de socio por calquera causa.

A Xunta Directiva nomeará, nos casos anteriores, un novo directivo, que deberá ser ratificado pola Asemblea na súa primeira reunión e o mandato do mesmo terminará co da Xunta Directiva.

A Xunta Directiva tamén poderá nomear, en calquera momento, se o considera conveniente, aqueles membros que falten para acadar o número mínimo esixido polos presentes Estatutos, coa posterior ratificación da primeira Asemblea.

4. O nomeamento dos membros da Xunta Directiva surtirá efectos dende o momento da súa aceptación.

ARTIGO 20º- CONVOCATORIA E TOMA DE ACORDOS

1. A Xunta Directiva será convocada polo Presidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes, e, polo menos, unha vez cada semestre.

2. A Convocatoria, coa súa Orde do Día, deberá facerse persoalmente e por escrito ou calquera outro medio electrónico, telefónico ou telemático que permita deixar

Con data do 09-11-2021 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 2010/014647-1.

Asinado por: "VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E C. DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO"
Data e hora: 11/11/2021 14:20:00

Firmado por 33291672T MARIA CARME PAMPIN (R: A15784614) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

Firmado por X8342042B GUIDO KURZ (R: B32442618) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

CVE: IPtD706NM6
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

constancia da súa recepción. a todos os membros da Xunta Directiva con un mínimo de setenta e dúas horas de antelación, á data sinalada.

Non será necesaria a convocatoria cando estivesen reunidos todos os compoñentes da Xunta Directiva e acorden, unanimemente, celebrala.

3. Considerarase validamente constituída a Xunta Directiva cando concorran, presentes ou representados, a metade máis un dos seus compoñentes, e, en todo caso, o Presidente/a ou Vicepresidente/a, e o Secretario ou persoa que o substitúa. As reunións de Xunta Directiva poderán celebrarse de maneira virtual por medios electrónicos e/ou telemáticos, sempre e cando se garantice a autenticidade dos participantes.

4. Os acordos da Xunta Directiva tomaranse por maioría dos votos das persoas asistentes ou representadas. O Presidente ou, na súa ausencia, quen presida a reunión, en caso de empate, terá voto dirimente.

5. Cada membro da Xunta Directiva poderá conferila súa representación e voto a calquera outro membro, comunicándose por carta ou calquera outro medio electrónico, telefónico ou telemático que permita deixar constancia da súa recepción, dirixida ao Presidente. Esta representación, ademais de escrita, deberá ser específica para cada sesión.

6. As discusións e acordos da Xunta Directiva levaranse nun Libro de Actas. As Actas aprobaranse ao final da reunión ou na seguinte e serán firmadas polo Secretario ou vogal que lle substitúa, co visto e prace do Presidente, ou de quen o substitúa.

7. A execución dos acordos da Xunta Directiva poderá encomendarse a calquera dos seus membros, así como ao Secretario. A falta de designación expresa, corresponderá tal execución ao Presidente ou ao Secretario, e, no seu defecto, ao Vicepresidente.

8. Os acordos de delegación de facultades ou apoderamentos tomaranse por maioría de dous tercios dos membros, presentes ou representados.

Con data do 09-11-2021 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 2010/014647-1.

Asinado por: "VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E C. DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO"
Data e hora: 11/11/2021 14:20:00

Firmado por 33291672T MARIA CARME PAMPIN (R: A15784614) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

Firmado por X8342042B GUIDO KURZ (R: B32442618) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

CVE: IPtD706NM6
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

ARTIGO 21º- FACULTADES

1. A Xunta Directiva ten as máis amplas facultades para dirixir e administrar a asociación e o seu patrimonio, exceptuando as atribuídas expresamente por estes Estatutos á Asemblea, e sempre dentro do cumprimento fiel dos fins asociativos e dos mandatos da Asemblea.

2. Corresponden á Xunta Directiva, a título enunciativo, as facultades seguintes:

a) Organizar e dirixir a marcha da asociación, propoñendo o plan de actividades á Asemblea Xeral para a súa aprobación, e levando a xestión administrativa e económica da Asociación.

b) Realizar a selección, nomeamento e separación do persoal da asociación.

c) Aceptar as dimisións dos membros que a compoñen, e resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan.

d) Acordar os actos e contratos que sexan necesarios ou concernentes para a realización do obxecto social e resolver sobre toda clase de negocios e operacións permitidas á Asociación polos seus Estatutos.

e) Propoñer á Asemblea Xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para os asociados.

f) Determinar a forma de pago das cantidades debidas á Asociación, conceder prórrogas, fixar prazos e o seu importe. Aceptar dos debedores toda clase de garantías, persoais e reais, incluso hipotecarias, mobiliarias e inmobiliarios, prendas, con ou sen desprazamento, cos pactos, cláusulas e condicións que estime oportuno, e cancelalas unha vez recibidos os importes ou créditos garantidos. Aceptar dos debedores, adxudicacións de bens mobles ou inmobles en pago das débedas ou de parte delas, e valorar ditos bens. Aceptar sobre os bens dos debedores cantas medidas xudiciais ou extraxudiciais considere necesarias ou convenientes para a defensa dos dereitos e intereses da asociación.

Con data do 09-11-2021 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 2010/014647-1.

Asinado por: "VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E C. DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO"
Data e hora: 11/11/2021 14:20:00

CVE: IPtD706NM6
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Firmado por 33291672T MARIA CARME PAMPIN (R: A15784614) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

Firmado por X8342042B GUIDO KURZ (R: B32442618) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

g) Autorizar as operacións de afianzamento ou prestación de avais a cargo da Asociación.

h) Acordar e cancelar as operacións de crédito ou préstamo que poidan convir á Asociación.

i) Acordar a convocatoria das Asembleas, tanto ordinarias como extraordinarias, como e cando proceda, conforme aos presentes Estatutos, redactando a orde do día e formulando as propostas que sexan procedentes, conforme á natureza da Xunta que se convoque.

j) Formular, presentar e someter anualmente á aprobación da Asemblea, a liquidación de contas de cada exercicio económico e a Memoria anual, que recolle as actividades da asociación durante o mesmo período.

k) Someter igualmente á aprobación da Asemblea os orzamentos ordinarios e extraordinarios do próximo exercicio económico.

l) Acordar o que xulgue conveniente sobre o exercicio dos dereitos e accións que á Asociación corresponda ante os Xulgados e Tribunais Ordinarios, e ante as Oficinas, Autoridades ou Corporacións do Estado, Provincia, Comunidade Autónoma ou Municipio, así como respecto á interposición de recursos ordinarios ou extraordinarios, nomeando representantes, Procuradores ou Letrados que, a estes efectos, leven a representación e defensa da Asociación, conferíndolles, na forma que fora necesario, as facultades xerais ou especiais oportunas, incluso para avirse e desistir en conciliacións, expedientes, preitos, reclamacións, recursos ou actuacións de calquera clase e en calquera estado do procedemento, para pedila suspensión de este e para todo o que fora menester, incluso transixir xudicialmente.

m) Resolver as dúbidas que se susciten sobre a interpretación dos Estatutos e suplilas súas omisións.

n) Admitir novos socios de forma provisional, ata a ratificación pola Asemblea Xeral, fixando en cada caso as condicións económicas que deberán satisfacer os solicitantes, para o seu ingreso como tales, de ser o caso.

Con data do 09-11-2021 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 2010/014647-1.

Asinado por: "VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E C. DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO"
Data e hora: 11/11/2021 14:20:00

CVE: IPtD706NM6
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Firmado por 33291672T MARIA CARME PAMPIN (R: A15784614) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

Firmado por X8342042B GUIDO KURZ (R: B32442618) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

o) Delegar de xeito expreso, se o estima conveniente, as facultades que considere oportunas nun Consello de Dirección, ou na persoa dun Xerente, e conferir poderes xerais a persoas determinadas.

p) Someter a aprobación da Asemblea Xeral o proceso para a elección dos membros da Xunta Directiva.

q) Regular o seu propio funcionamento en todo o que non estea especialmente previsto pola Lei ou polos presentes Estatutos.

r) As consignadas dun xeito especial en artigos determinados destes Estatutos ou na lexislación vixente.

s) Calquera outra que non estea atribuída expresamente a outro órgano da Asociación.

3. A presente determinación de atributos é soamente enunciativa e non limita, en maneira algunha, as amplas facultades que competen á Xunta Directiva para dirixir e administrar os negocios e intereses da asociación en todo canto non estea especialmente reservado á competencia da Asemblea de socios.

CAPITULO III.- A PRESIDENCIA

ARTIGO 22º- FACULTADES DA PRESIDENCIA

1. O Presidente, ademais das facultades que lle son conferidas nos artigos precedentes, relativos á Xunta Directiva e á Asemblea Xeral, e de todas aquelas que a Xunta Directiva ou a Asemblea Xeral estimen conveniente conferirlle polo tempo e coas condicións que se establezan, terá as seguintes facultades específicas mancomunadamente co Secretario:

a) Representar á asociación perante calquera organismo público ou privado.

Con data do 09-11-2021 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 2010/014647-1.

Asinado por: "VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E C. DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO"
Data e hora: 11/11/2021 14:20:00

CVE: IPtD706NM6
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

b) Convocar e presidir as xuntanzas que celebre a Xunta Directiva; presidir as xuntanzas da Asemblea Xeral; dirixir as deliberacións dunha e outra, e decidir co voto de calidade, no caso de empate.

c) Levar a firma e actuar en nome da asociación en toda clase de operacións bancarias, abrindo e pechando contas correntes, dispondo delas, intervindo en letras de cambio como librador, aceptante, avalista, endosante, endosatario ou tenedor das mesmas; facer transferencias de fondos, rendas, créditos ou valores, usando calquera procedemento de xiro ou movemento de diñeiro; aprobar saldos de contas finiquitos, constituír e retirar depósitos ou fianzas, compoñer contas, formalizar cambios, etc., todo elo realizable, tanto co Banco de España, a Banca Oficial e Caixas de Aforros, como con entidades bancarias privadas e calesquera organismos da Administración pública.

d) Realizar toda clase de pagos, debidamente acordados, dispoñendo o necesario para o debido cumprimento de todas as obrigas da asociación e esixir os recibos, cartas de pago e resgardos oportunos.

e) Reclamar, cobrar e percibir canto, por calquera concepto deba ser aboado ou pagado á Asociación, en metálico, en efectos ou en calquera outro tipo de prestación, polos particulares, entidades bancarias e doutra clase, polo Estado, Comunidades Autónomas, Provincia, Municipio e, en xeral, por calquera outro ente público ou privado. Dar e esixir recibos e cartas de pago, fixar e finiquitar saldos.

f) Apoderar a persoas determinadas, para actos concretos.

g) Asinar as actas, certificados e outros documentos da asociación.

CAPITULO IV.- A SECRETARÍA

ARTIGO 23º- A SECRETARÍA

1. O secretario recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro de rexistro de asociados e terá ao seu cargo a dirección dos traballos administrativos

Firmado por 33291672T MARIA CARME PAMPIN (R: A15784614) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

Firmado por X8342042B GUIDO KURZ (R: B32442618) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

Con data do 09-11-2021 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 2010/014647-1.

Asinado por: "VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E C. DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO"
Data e hora: 11/11/2021 14:20:00

CVE: IPtD706NM6
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

da entidade. Correspóndelle, así mesmo, notificar as convocatorias, custodiar as actas e expedir certificacións destas co visto e prace do presidente. O secretario tamén levará o inventario dos bens da asociación nun libro establecido para este efecto.

2. Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade do secretario, o presidente designará entre os vocais a un que desenvolva esta función.

TÍTULO IV- RÉXIME ECONÓMICO E DOCUMENTAL

ARTIGO 24º- DOCUMENTOS

1. A Asociación disporá dunha relación actualizada de asociados. Así mesmo, levará unha contabilidade onde quedará reflexada a imaxe fiel do patrimonio, os resultados, a situación financeira da entidade e as actividades realizadas. Tamén disporá dun inventario actualizado dos seus bens.

2. Nun Libro de Actas, figurarán as correspondentes ás reunións que celebren os seus órganos de goberno e representación.

ARTIGO 25º - RECURSOS ECONÓMICOS

1. Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación, serán os seguintes:

a) As cotas de ingreso dos socios de ser o caso.

b) As demais aportacións que realicen os mesmos de ser o caso.

c) As cotas anuais ou doutra periodicidade, e as derramas a cargo dos socios, fixadas pola Asemblea Xeral e destinadas a cubrir o orzamento da asociación.

d) Os ingresos e rendas que poida obter a asociación derivados do seu patrimonio e actividades como:

   a. Contraprestacións por servicios específicos prestados aos socios e a terceiros, aprobadas pola Xunta Directiva.

Con data do 09-11-2021 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 2010/014647-1.

Asinado por: "VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E C. DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO"
Data e hora: 11/11/2021 14:20:00

CVE: IPtD706NM6
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Firmado por 33291672T MARIA CARME PAMPIN (R: A15784614) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

Firmado por X8342042B GUIDO KURZ (R: B32442618) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

b. Venta de publicacións.

c. Rendas dos seus bens e valores.

d. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

e) As subvencións, doazóns, ou legados que a asociación reciba das Administracións Públicas e demais entidades, organismos oficiais, persoas públicas e privadas.

ARTIGO 26º - EXERCICIO ECONÓMICO

O exercicio asociativo será anual, e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano.

ARTIGO 27º - PATRIMONIO

A asociación no momento de iniciar as súas actividades non dispón de patrimonio.

ARTIGO 28º - ORZAMENTO ANUAL

A asociación funcionará en réxime de orzamento anual, con partidas diferenciadas de ingresos e gastos. O borrador de orzamento será elaborado pola Xunta Directiva da asociación, que deberá telo preparado antes do un de xaneiro de cada ano, a fin de que poida ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.

ARTIGO 29º - CONTAS

Anualmente, con referencia ao ultimo día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos/as asociados/as, durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalas ou censuralas.

Con data do 09-11-2021 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 2010/014647-1.

Asinado por: "VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E C. DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO"
Data e hora: 11/11/2021 14:20:00

CVE: IPtD706NM6
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Firmado por 33291672T MARIA CARME PAMPIN (R: A15784614) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

Firmado por X8342042B GUIDO KURZ (R: B32442618) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

Con data do 09-11-2021 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 2010/014647-1.

ARTIGO 30º - AUSENCIA DE LUCRO

Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os/as asociados/as os recursos obtidos pola asociación, que carecerá de ánimo de lucro.

TÍTULO V.- DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

ARTIGO 31º - REGULAMENTO INTERNO

O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos, como o procedemento de elección dos membros da Xunta Directiva e o procedemento disciplinario, e non pode ir en ningún caso en contra do estipulado neles. En todo caso, o funcionamento interno da asociación estará sometido ó ordenamento xurisdicional civil.

TÍTULO VI – MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

ARTIGO 32º - MODIFICACIÓN

Os ditos estatutos só poderán ser modificados por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto, adoptado polas 2/3 partes dos asistentes. A proposta de convocatoria deberá ir acompañada do texto das modificacións propostas.

ARTIGO 33º - DISOLUCIÓN

1. Disolverase voluntariamente cando así o acorde a Asemblea Xeneral Extraordinaria, convocada ao efecto, por acordo das dúas terceiras (2/3) partes dos asistentes.

2. Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores, que xunto o/a presidente/a e o/a secretario/a, procederán para efectua-la liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

Firmado por 33291672T MARIA CARME PAMPIN (R: A15784614) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

Firmado por X8342042B GUIDO KURZ (R: B32442618) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

Asinado por: "VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E C. DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO"
Data e hora: 11/11/2021 14:20:00

CVE: IPtD706NM6
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

3. O haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra asociación non lucrativa e inscrita na comunidade autónoma que teña iguais ou similares fins que os desta asociación.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da asociación.

En A Coruña, a 10 de marzo de 2021

DILIXENCIA:
Os presentes Estatutos están redactados coa inclusión das modificacións acordadas na asemblea xeral extraordinaria de 22 de decembro de 2020, de acordo co procedemento previsto no artigo 32 destes Estatutos. Os presentes Estatutos substitúen aos anteriores inscritos.

Sinaturas:

D. Guido Kurz, con NIF C4WJH7LGK, actuando en representación da entidade ONCOSTELLAE, S.L., con CIF nº B32442618.

Firmado por X8342042B GUIDO KURZ (R: B32442618) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

Dna. Carme Pampín Casal, con DNI 33291672-T, actuando en representación da entidade GALCHIMIA S.A., con CIF nº A15784614.

Firmado por 33291672T MARIA CARME PAMPIN (R: A15784614) el día 10/03/2021 con un certificado emitido por AC Representación

Con data do 09-11-2021 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 2010/014647-1.

Asinado por: "VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E C. DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO"
Data e hora: 11/11/2021 14:20:00

CVE: IPtD706NM6
Verificación: https://sede.xunta.es/cve